

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo
ACTA

Acta aprobada na xuntanza do día 14/03/2019

Data	22/11/2018		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	19:40h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidenta, Olga Alonso Suárez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Anxos Collazo Trigo • Cristina López Lobariñas • Santiago Rodríguez Sánchez • Rafael Lestón Vázquez - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • Mª Jesús Granja Pereira • Mª Bertila Fernández Pérez • Mª del Carmen Rivas Corbacho • Yolanda González Larrañaga - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Pilar Álvarez Rey • Isabel López Lorenzo 		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> • Sector docente: Purificación Bernárdez Álvarez • Sector docente: Antonio Madrid Risquez • Sector docente: Eugenio de la Iglesia Delgado • Sector docente: María Teresa Freijido Román • Sector docente: Eudosia Deza Soto • Sector docente: Agostiño Nieto • Sector usuarios: Luisa Rivas García • Sector usuarios Fernando Vázquez González • Sector social: Antonio Vázquez Vázquez • Sector social: Luis Vilán Crespo • Sector social: Xabier Pérez Igrexas • Sector social: José Manuel Rodríguez Lago 		

Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> •Sector social: María José Ramos Martínez •Sector social: Non hai representante de ensinanzas artísticas •Sector social: José Álvarez Carpintero •Sector social: M^a Teresa García Durán
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Aprobación do informe da memoria anual de actividades do CEMV 2017-2018
3. Informe da Presidencia do CEMV
4. Plans de traballo das Comisións de Traballo.
5. Propostas de mocións.
 - Moción de Foanpas a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a adopción das medidas oportunas para garantir unha educación inclusiva.
 - Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación.
 - Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a insuficiente oferta de prazas de Formación Profesional.
 - Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha actuación integral no entorno da zona do Berbés-Torrecedeira.
 - Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de obras de mellora no illamento dos centros educativos.
 - Moción de Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o servizo de limpeza nos centros educativos.

- Moción de Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o orzamento do programa de Autoxestión dos centros educativos

6. Rogos e preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores

Procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase aprobar a acta da Xuntanza Plenaria do 22 de novembro de 2018

2.- Aprobación do informe da memoria anual de actividades do CEMV 2017-2018

A Presidenta explica que se trata dun resumo estatístico no que se recollen datos sobre participación e todos os acordos adoptados durante o curso pasado.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade o Informe memoria anual da actividade do CEMV.

3.- Informe da Presidencia do CEMV

A Presidenta informa de que houbo un cambio na composición do CEMV. Daniel García Reigosa substituirá a Antonio Madrid Risqueiz como representante do ensino público designado por CCOO.

Explica que o pasado 15 de novembro se aprobou provisionalmente o orzamento xeral do Concello para o exercicio económico 2019 por un importe de 257,7 millóns. Destes a Educación correspóndenlle 14 millóns. Desde o ano 2007 aumentouse o orzamento de educación nun 70%. En canto a obras di que se seguen a facer diferentes actuacións en centros que o demandan , como por exemplo o acondicionamento de pistas polideportivas, acondicionamento de aulas, retirada de árbores e poda... Explica que tamén hai un expediente de materiais para gastar co persoal de Vigo Emprega e que

dentro deste programa está previsto que haxa cambios no pavimento de bibliotecas, reparación en vestiarios, remodelación de baños, de almacéns exteriores,... e que estas obras xa están asignadas porque no expediente teñen que figurar os centros aos que se destina. Outra das cousas que se fixo estes días foi publicar as bases para as bolsas de estancias lingüísticas no estranxeiro para estudantes da EOI. No seu momento o Alcalde comprometeuse a aumentar o número de bolsas, porque na convocatoria anterior foron 92 e se comprometeu a 100 co cal aumentou a dotación. Ademais incorporouse a posibilidade de viaxar a Irlanda e Austria e na bolsa de China e Xapón inclúese tamén o aloxamento.

Explica que se segue cos programas de “Vigo Educa”, “Coñece o teu Concello” e “Música na Escola”. En canto ás EI Municipais, informa de que segue a haber lista de agarda co cal haberá que seguir traballando en ter máis prazas. Explica que no 2019 se prevé que comece a funcionar a de Bembrive construída pola fundación Amancio Ortega con 82 prazas. En canto á UNED explica que xa se superan os 1000 alumnos e que o grado máis demandado é o de Psicoloxía.

Explica que toca renovar o CEMV pero que se aguantará ata finais de curso coa composición actual xa que primeiro haberá eleccións sindicais e logo eleccións municipais en maio e non ten sentido facer antes a renovación.

4.- Plans de traballo das Comisións de Traballo.

PLAN DE TRABALLO DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E PLANIFICACIÓN EDUCATIVA:

No curso 2018-2019 a Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa seguirá traballando na liña dos cursos pasados, centrándose na zonificación e no estado das infraestruturas e equipamentos dos centros educativos.

En canto á zonificación, faranse tódalas actuacións precisas para solicitar que a Administración Educativa acometa a renovación da zonificación escolar de Vigo, e que o faga dialogando coa comunidade educativa de Vigo, representada institucionalmente neste Consello, e atendendo aos seus intereses e necesidades.

No referente ás infraestruturas e equipamentos, farase seguimento das necesidades detectadas ao longo do curso escolar, recollendo as deficiencias e necesidades e dando traslado á administración competente en cada caso.

Ademais esta comisión tratará todos aqueles asuntos referentes á planificación educativa

que xurdan, presentando aquelas propostas e mocións que se estimen oportunas.

PLAN DE TRABALLO DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA:

A Comisión Pedagóxica organizou durante o curso 2017-2018 unhas xornadas sobre convivencia e deporte baixo o título “Convive Xogando”. Tratábase dun programa didáctico destinado principalmente a escolares de 1º e 2º da ESO cuxo obxectivo era amosar a importancia da convivencia e do respecto na práctica deportiva a través do testemuño de deportistas que practican diferentes disciplinas deportivas. Estas xornadas, que tiñan previsto celebrarse o 28, 29 e 30 de maio de 2018, tiveron que cancelarse por falta de interese amosado polos centros convocados.

Ante esta situación, e convencidos de que esta é unha iniciativa cun formato interesante e cunha temática totalmente vixente, esta comisión pretende volver a ofertar esta actividade durante o curso 2018-2019. Introduciranse algúns cambios no programa inicial como poden ser a idade do alumnado destinatario da actividade, pero seguirase co mesmo esquema e convidando aos mesmos relatores.

A Comisión pretende que as xornadas se celebren no mes de febreiro e para que a súa difusión sexa máis axeitada solicitarase a colaboración da Asociación de Directores de Primaria e de Secundaria a través dos seus representantes no Consello Escolar Municipal. Asemade pedirase ao Concello de Vigo a través da Concelleira de Educación que contribúa a darlle a maior difusión nos medios de comunicación, como corresponde a unha actividade tan importante para a comunidade educativa deste Concello.

Ademais disto, esta Comisión seguirá traballando en calquera outra iniciativa que xorda durante o curso e que estea dentro do noso ámbito de traballo

O Secretario informa de que están prereservados os días 25 e 26 de febreiro para facer estas xornadas. Pídelle a Comisión Pedagóxica que trate de darlle forma ás xornadas canceladas no ano anterior pero adaptándose a dous únicos días.

5.- Propostas de mocións.

1. Moción de Foanpas a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a adopción das medidas oportunas para garantir unha educación inclusiva.

ANTECEDENTES

Dende FOANPAS consideramos que este é o momento de dar un salto cualitativo cara a unha educación pública inclusiva e de calidade para todos e todas, na que non se realice distinción algunha en razón de procedencia, cor, sexo, lingua, relixión, diversidade funcional, diversidade física, diversidade intelectual, orixe social ou calquera outra condición.

Pero nos últimos cursos, vimos asistindo a uns recortes de persoal docente que afectan á calidade do ensino, supoñendo unha diminución da mesma. Os/as docentes enfróntanse cada vez a un alumnado máis diverso, con diferentes circunstancias e necesidades, que precisa unha resposta adaptada. Ademais segue habendo algunhas barreiras arquitectónicas que dificultan a accesibilidade.

Isto faise complicado se non se dota aos centros dos recursos necesarios, tendo en conta non só os números, senón as necesidades reais. As situacións coas que está a convivir a comunidade educativa dos centros públicos son tales como: saturación de alumnado, compartir centros diferentes e en ocasións moi arredados entre si (en diferentes concellos), vacantes sen cubrir (algunha incluso ata xaneiro), compatibilización con cargos directivos e outras circunstancias que afectan ao traballo do profesorado.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se lle esixan á Administración Educativa os medios necesarios para garantir unha educación pública inclusiva e de calidade, na que se dea resposta ás necesidades de todo o alumnado e na poña en valor a labor dos/as docentes.

Acordo

Apróbase a moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a dotación de medios necesarios para garantir unha educación inclusiva con 11 votos a favor e 1 abstención.

2. Moción de Santiago Rodríguez Sanchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación.

TEXTO:

O Pleno do CEMV, órgano de representación da comunidade escolar de consulta preceptiva para a Administración educativa, reclama, unha vez máis, unha zonificación dialogada que responda aos intereses e necesidades de Vigo.

Con ese obxectivo, debe ter lugar un proceso de diálogo que ten que iniciarse coa presentación en tempo e forma do documento completo de traballo por parte da Administración, coa finalidade de que este Consello poida facer as achegas que considere oportunas antes da súa implantación.

Acordo

Apróbase a moción de Santiago Rodríguez Sanchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación con 11 votos a favor e 1 abstención.

3. Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a insuficiente oferta de prazas de Formación Profesional.

ANTECEDENTES

Nos últimos cursos académicos vemos como mozos e mozas vigueses e dos concellos próximos non poden cursar Ciclos Formativos de Formación Profesional pola insuficiencia da oferta ou porque non obteñen praza nas especialidades ou familias profesionais desexadas. Esta situación agrávase polo aumento do paro xuvenil e, ademais, supón outro factor que aumenta o número de mozos e mozas que sae fóra de Galicia en busca ben de traballo ben de formación, ou incluso de ámbalas dúas (traballo e/ou formación) simultaneamente.

Asemade, unha cidade da relevancia económica de Vigo demanda man de obra cualificada e formada.

TEXTO

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se inste á Consellería de Educación a adecuar a oferta de formación profesional á demanda e se amplíe naqueles ciclos que sexa preciso.

Acordo

Acórdase aprobar a moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a insuficiente oferta de prazas de Formación Profesional con 11 votos a favor e 1 abstención

4. Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha actuación integral no entorno da zona do Berbés-Torrecedeira.

ANTECEDENTES

Como vimos constatando nos últimos meses, a zona de Torrecedeira-Berbés presenta un estado de degradación que está a dificultar a convivencia no entorno. Trátase dunha zona na que hai gran número de instalacións e edificios de uso educativo e social polo que é unha zona especialmente sensible (CEIP Ramón y Cajal “Picacho”, a UNED, Sala de estudio da UNED, a EI Santa Marta, a EPA do Berbés, Pavillón de Deportes do Berbés, Albergue Municipal). Tomáronse algunhas medidas para melloralas pero continúa habendo conflitos e certas situacións de perigo.

A situación de exclusión social dos usuarios/as do Albergue Municipal é froito do fracaso social, do fracaso de políticas educativas, da escaseza de emprego, da falta de ofertas para que os/as cidadáns teñan ferramentas para a súa formación. Non hai que abandonalos, hai que facer visible a súa situación pero non a costa da formación dos nenos, das nenas e dos/as adultos/as.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicítalle ao Concello de Vigo:

- Que se realice unha actuación integral no entorno de Torrecedeira e Berbés para reparar a situación que se leva dando os últimos anos e que está a afectar á convivencia na zona, así como a repercusión que ten na imaxe da cidade.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción sobre a necesidade dunha actuación integral no entorno da zona do Berbés-Torrecedeira

A Presidenta informa que a Vanesa Oria, Presidenta da ANPA do CEIP Ramón y Cajal “Picacho”, solicitou intervir neste Pleno para falar con referencia a este tema. Vanesa

explica que a situación é moi complicada e que segue a estar descontrolada a pesar dos intentos que leva feito o Concello por solucionalo. Os usuarios do Albergue están tirados na rúa, sobre todo cando fai bo tempo. Explica que se xuntan no canellón, que comparten Centro educativo e o Albergue, unhas 20 ou 25 persoas a diario. Di que se fixo unha entrada nova pero que esta non se usa sempre, que por exemplo cando os nenos van ás actividades extraescolares, seguen saíndo pola porta de sempre, polo que seguen convivindo a diario con ese panorama. Eles teñen claro que o problema non parte dos usuarios nin de ter un albergue alí, senón da xestión que Cruz Vermella fai del. Ata que esta entidade asumiu a xestión non había este problema. Os problemas empezan coa xestión de Cruz Vermella. Di que non saben moi ben a que obedece, se a falta de coñecemento ou de medios, pero eles perciben que non teñen ningún programa específico para usuarios drogodependentes. Hai outros perfís que os teñen máis controlados pero coas drogas teñen un problema, xa que se segue vendendo á porta do Albergue, e polo tanto á porta do Colexio. Di que non hai presenza policial, salvo cando eles a chaman. Olga Alonso di que ela preguntou e lle dixeron que segue habendo dúas patrullas que circulan pola mañá e pola tarde e que tamén hai catro coidadores de barrio, dous pola mañá e dous pola tarde. Vanesa di que igual circulan por Torrecedeira pero por onde está o foco do problema non pasan. Cristina López comenta que ela estivo no centro esa semana e que a situación impresiona, incluso para un adulto. Vanesa pensa que o problema é que os menores que van ao centro se están acostumando a ver este tipo de escenas e están normalizando unha situación que para nada é normal. Di que a policía acude cando chaman e fano cando hai unha pelexa e en canto aos coidadores de barrio di que estes están en Torrecedeira, pero que só se achegan ao Centro se teñen que levar a un neno, senón non pasan por alí. Pero en calquera caso pensa que nin é a súa función nin teñen a preparación axeitada para enfrontarse a este problema. Que ten que estar alí entenden que sería o persoal de rúa de Cruz Vermella, que é para o que están contratados. Aos usuarios non se lles está dando ningunha alternativa de ocio, e se unha persoa está enganchada a unha substancia e non ten alternativas, quedará alí na porta despois do almorzo esperando que lle dean o xantar e logo o mesmo ata a cea. Séntanse nas escaleiras que baixan cara o centro de saúde de Beiramar, e aínda que os veciños quixeran baixar por alí non poderían porque non lles deixan,... están envalentonados. Di que a policía acude cando os chaman pero a eles dálles igual porque son xente que a día de hoxe non teñen moito que perder. O que se debería é facer unha actuación integral con eses usuarios e quen debería facela son todas as partes implicadas, Cruz Vermella,

Servizos Sociais...

Olga comenta que xa se está facendo unha actuación integral na zona, que é un pouco o que se demanda na moción, pero o que demanda a presidenta da ANPA é unha actuación integral cos usuarios e entorno do Albergue. Vanesa explica que se se demanda isto é porque a zona agora vai quedar preciosa cos ascensores, os maceteiros novos, ... pero os veciños non van poder usar todo iso, porque non lles deixan, porque se senten ameazados. Explica que a zona onde se puxeron os maceteiros quedou moi bonita e está xa chea de latas de cervexa, de mantas, e de moitas cousas peores. Olga Alonso di que ela estivo informándose e lle dixeron que se reforzara o servizo de limpeza, de iluminación, de seguridade,... e que está sorprendida porque segundo o que comenta Vanesa parece que non hai nada diso. Vanesa explica que non é certo. Que non hai iluminación, nin limpeza, nin reforzo da seguridade... a zona humanizouse pero os veciños non poden beneficiarse disto. Olga di que volverán a insistir nestes temas coas Concellerías competentes. Di que ademais de que lle chegue a todos os servizos a moción que se acaba de aprobar, lles fará chegar todo o que a Presidenta da ANPA lles está comunicando na súa intervención. Isabel pensa que se non se corta agora este problema que isto vai ir a máis, e incluso se deteriora o propio Albergue. Olga pregunta canto tempo leva xestionando Cruz Vermella e Vanesa dilles que en novembro fixo 3 anos, e que este foi o momento no que as cousas empezaron a ir mal. Pensan que obedece a que tamén cambiou o perfil de usuario nese momento, que antes eran persoas sen teito principalmente pero que agora teñen ademais un perfil moi marcado de drogadicción. Isto xúntase ademais a que se pechou o tema da Praza da Princesa e que en Jacinto Benavente está a furgoneta de Érguete. En poucos metros teñen concentrados os servizos. Pola mañá van a furgoneta e se fai bo tempo xa se trasladan a zona do Albergue e alí van esperando todo o día ás comidas. Olga comenta que falando coa Concelleira de Benestar esta lle explicou que se entran a almorzar ao albergue que logo xa non saen, que lles ofrecen actividades. Vanesa di que a realidade é que si saen e esperan fora. Que ao mellor algún queda, pero que moitos están fora na rúa. Di que o que teñen é normas tipo se entras unha vez a por un café e saes non podes volver a entrar, pero que entra un compañeiro e saca café para varios e tómano fóra. Porque prefiren estar fóra e así consumir substancias, xa que dentro non poden facelo. Di que alí están cómodos, que o entorno lles favorece, entre o canellón e as escaleiras teñen un espazo de esparcemento perfecto. Isabel comenta que o que necesitaría esta xente son talleres

ocupacionais, e que alí non hai espazo, xa que so hai comedor e habitacións. Vanesa di que espazo si teñen, abaixo, xunto á sala de lecer. Di que ela ten ido varias veces a reunirse coa dirección do albergue e coñece ben as instalacións, e sitio si terían. Aproveita para explicar que e a relación con eles e boa, que incluso teñen feito modificación do horario de entrada e saída do albergue dos usuarios para que non coincida co dos nenos. Na sala de lecer teñen xadrez, parchís, pero isto non é atractivo para os usuarios. Terían que encamiñalo doutra maneira e darlles outro tipo de axudas. O problema non son eles, o problema é que non se traballa con eles. Olga di que o albergue en si mesmo igual non é o lugar para iso, o albergue é para dar acubillo e comida pero hai que ampliar os servizos xa que o albergue en si mesmo non ten esa función. Vanesa lembra que se fala de albergue por simplificar, de xeito coloquial, pero que en realidade é un CIES, un Centro de inclusión e integración social. Bertila di que se leva debatido en Foanpas moitas veces sobre este tema, e que nos últimos tres anos ven que a cousa non mellorou moito. Si é certo que se traballou na humanización pero non é suficiente, con isto non se mellorou a convivencia nesta zona que é unha zona educativa importante da cidade. Que non haxa medios para reconducir esa situación é preocupante. A Presidenta dá as grazas a Vanesa Oria pola súa intervención e di que dará traslado desta casuística as Concellarías que corresponda.

Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de obras de mellora no illamento dos centros educativos.

ANTECEDENTES

A educación é un pilar fundamental no desenvolvemento das persoas, a todos os niveis: físico, psíquico, emocional, afectivo, social, persoal, etc. É por isto, que as condicións nas que se dea son fundamentais para garantir o óptimo desenvolvemento de cadaquén.

Os edificios que albergan colexios e institutos son construcións que teñen anos de vida e no momento da súa construción as circunstancias e necesidades eran diferentes ás de hoxe en día. Moitos deles, non están nas mellores condicións que se poden dar para levar a cabo a actividade educativa, dende a súa accesibilidade ata o illamento.

Nalgúns centros da cidade este último é un problema que afecta non só ao desenvolvemento da actividade educativa, senón tamén á saúde das persoas, adultas e cativas, que fan uso delas. O illamento das edificacións é deficiente o que repercute directamente na temperatura que acadan os edificios e na eficiencia enerxética.

Hai centros nos que durante o inverno a temperatura dentro do edificio é máis baixa que a de fóra e no verán vai máis calor dentro que fóra. O consumo enerxético de calefacción é moi elevado e non é eficiente xa que o calor non permanece nas aulas por mor do deficiente illamento.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicítalle propón que se adopten os seguintes acordos:

Que se inste á Consellería de Educación a que acondicione as instalacións dos centros de ensino para que a temperatura que se acade nas aulas permita desenvolver a actividade educativa con normalidade.

Acordo

Acórdase aprobar a moción sobre a necesidade de obras de mellora no illamento dos centros educativos con 11 votos a favor e 1 abstención

5. Moción de Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o servizo de limpeza nos centros educativos.

ANTECEDENTES

1. Nestes últimos cursos académicos prodúcese en moitos centros de ensino unha redución horaria do servizo de limpeza (en algún unha hora, en outros tres horas...). Desde as direccións non coñecen os motivos destas reducións posto que nos centros que aumentaron alumnado ou metros tamén recortaron o horario.

2. Os Directores non saben o día que veñen a realizarse limpeza de patios, cristais, etc xa que non avisan, descoñecendo si realmente se fan, posto que moitas son en horario de tarde.

TEXTO

Solicitamos ao Concello de Vigo se nos repoñan as horas reducidas aos centros afectados, e se estableza un protocolo de actuación claro e saber a quen chamar en caso de calquera incidencia.

Tamén solicitamos saber a planificación con días e horas de paso por cada centro para realizar as diferentes limpeza (patios, cristais, luminarias, etc.).

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción sobre o servizo de limpeza nos centros educativos

Olga di que en xeral as horas de limpeza nos centros se aumentaron, non se diminuíron. E que se aumentou polo simple feito que os espazos nos centros se aumentaron. Explica tamén que as horas de limpeza non se asignan dependendo do número de alumnos senón do número de metros cadrados. Di que si que é verdade que houbo algún centro ao que se lle quitaron horas pero que isto foi porque estaban sobredimensionadas as horas que lle correspondían a ese centro. Pilar Álvarez di que eles non están falando só da supresión de horas neste curso, que isto xa pasou no curso pasado. Comenta que se suprimiron horas a mais dun centro sen ter ningún motivo, xa que se seguen usando o mesmo número de metros que antes. Olga explica que o Concello saca un prego e a empresa adxudicataria é ao que se ten que cinguir. Di que no prego se fai referencia aos colexios que hai que limpar e ás tarefas que hai que facer nos coles. A empresa, baseándose nisto é a que asigna o número de traballadores e o número de horas que lle ten que dedicar a cada centro. Nese proceso non intervén para nada o Concello. Si que é verdade que fai uns anos os directores solicitaron saber o número de horas que lles ían a limpar e que foi ela mesma quen decidiu dar esa información. Di que foi un erro dela, xa que foi ela mesma quen lle deu importancia ao número de horas, cando lles tiña que ter explicado aos directores que o importante non é o número de horas senón se o servizo está ben feito. Os traballadores non dependen nin do Centro nin do Concello, aínda que o normal é que nos centros acaben tendo relación con elas porque soen ser as mesmas persoas. Pero o certo é que aos equipos directivos o que lle ten que preocupar é se o centro está ou non está limpo. E eles como administración local o que teñen que velar é porque se cumpra o contrato. Por iso fan auditorías externas e incluso teñen a unha persoa do departamento ocupándose de controlar este contrato. Di que a eles o que teñen que mandarlle é as queixas de se hai algunha zona que non se limpa ou está descoidada. Di que eles á empresa poden reclamarlle que estea mal limpo pero non o número de horas que dedican a un ou outro centro. Pilar comenta que na moción tamén fan referencia a que non saben cando veñen a limpar os cristais e os patios e que moitas veces nin saben cando fan este traballo e nin sequera se o fan, xa que non se cruzan con eles. Piden que se lles pasen unha planilla coa planificación destes traballos e ter certa maneira de falar coa xente que vén para explicarlle se teñen que incidir nunha zona ou

noutra. Olga lémbrale que non teñen que ter contacto con eses traballadores, xa que son empregados da empresa de limpeza e non do centro nin do Concello. En canto ao día que veñen a limpar e que ela mesma sabe cando viñeron porque detecta que se recollen as follas e as papeleiras están valeiras. Di que veñen en horarios cando xa non hai nenos no centro cada 15 días. Límpanos normalmente cunha sopladora, baleiran as papeleiras e iso nótase. En canto a pasar unha planilla é complicado, porque pode cambiar en función de moitas cousas, da meteoroloxía por exemplo. Di que, en canto aos cristais, piden permiso á dirección porque hai que deixarlle unha zona ou outra aberta.

Santiago comenta que en todo caso o que precisan os directores é ter unha planificación de cando van ir a limpar cristais e patios e que non ve tan complicado que se lle poida enviar, independentemente de que logo se poida modificar por causas alleas. Pensa que a cuestión que se plantexa na moción é fácil de resolver, saber cal é o protocolo en caso de ter que queixarse da falta de limpeza e unha planificación da limpeza. Olga explica que xa saben a quen teñen que chamar no Concello, que iso o teñen claro. Pilar di que o da planificación lles axudaría, xa que eles teñen que estarlle pedindo axuda ao conserxe e ten que estar limpando as herbas que nacen no patio cando iso o tería que facer o servizo de limpeza. Olga explica que os da limpeza só teñen que pasar a sopladora no patio e baleirar as papeleiras das zonas de arredor do centro que non baleiran as señoras da limpeza. Explicalles que non teñen ningunha outra competencia. Pilar di que entón non teñen claras as funcións, porque por exemplo non saben quen limpa os excrementos nos centros onde hai niños de paxaros ou quen ten que quitar as herbas que nacen polo medio do patio. Olga di que se hai excrementos terá que quitalos a empresa de limpeza cando faga falta, pero o normal é que limpen coa sopladora, e as herbas xa son cousa do conserxe. Di que no libro están contempladas todas as competencias, e se algún director ten dúbidas pode chamar ao Concello e resólvenselle.

6. Moción de Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o orzamento do programa de Autoxestión dos centros educativos

ANTECEDENTES

Os centros educativos recibimos a aportación de Autoxestión, vital para o mantemento dos colexios. Nos últimos anos esta dotación orzamentaria non variou, sendo sempre a mesma. Neste momento, os gastos dos centros aumentaron, tendo que asumir arranxos que antes facía o Concello, como por exemplo a poda.

Desde o 2012 recibimos os cartos na primeira quincena de maio, agás no ano 2017 que se recibiu a finais de abril, quedando os catro primeiros meses de cada ano sen cartos para arranxar danos, pequenas obras de mantemento...

TEXTO

Polo exposto, proponse:

Que se aumente a dotación de Autoxestión para os centros e que veña en tempo, posto que de xaneiro a maio non teñen cartos desta partida para arranxos de mantemento nos colexios.

Olga explica que é certo que hai moitos anos que os Centros levas anos recibindo os mesmos cartos para autoxestión. Explica que se está tratando de negociar esta partida económica e aplicar unha suba lineal aos centros. Así e todo di que se están asumindo traballos como o de poda, ou a limpeza de canlóns, que en principio ían con cargo a autoxestión e que agora o Concello o está asumindo. E en canto ao tema de pagar tarde, informa de que iso obedece a unha cuestión administrativa. O ingreso faise por ano natural, xa que o Concello ten un orzamento que funciona por ano natural, non se pode adecuar ao curso escolar. O problema é que os coles só teñen que presentar un estadillo cos gastos pero este debe aprobarse en Consello Escolar de centro. Os coles di que soen presentalo no Consello escolar de finais de xaneiro, cando renden as contas. A partir de aí teñen que mandalo e ás veces hai centros que a finais de febreiro aínda non o mandaron ao Concello. A cuestión é que para facer efectivo o pago, ao ser un expediente único, hai que agardar a que tódolos centros teñan presentado o estadillo. E isto fai que se demore o pago. Se tódolos centros na primeira semana de febreiro entregaran este documento, ingresaríanse os cartos antes. Di que en todo caso o explicará no pleno.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción sobre o orzamento do programa de Autoxestión dos centros educativos

6.- Rogos e Preguntas

Anxos Collazo pregunta cando se vai iniciar o arranxo do valado do Santa Irene. Olga explica que será pronto, que só falta un informe de Patrimonio pero que nos próximos meses se fará seguro.

Bertila Fernández di que en primeiro lugar quere recoñecer a labor do Concello que actúa indo máis alá das súas posibilidades. Comunica tamén que o Grupo de traballo de zonificación de Foanpas intervirá o seguinte mércores no Pleno e que o fará Regina que é a portavoz. Explica que este ano fai 10 anos que finou Suso Jares e que Foanpas, xunto con Educadores pola Paz e en colaboración co Concello, quere facer un recoñecemento á súa figura. Para isto queren facer un acto no que se presenten e premien os traballos sobre convivencia que se están a facer nos centros de ensino de Vigo. Di que mandaron unha petición a tódolos centros da cidade, que en moitos se está a facer cousas moi boas, e que por agora so recibiron resposta de unha Escola Infantil. Queren pedirlle á representante de directores de primaria que lles axuden a difundir a actividade. O Concello asume o transporte e o alumnado asistente tamén participará en xogos cooperativos.

Santiago pregunta pola moción que se mandou solicitando o cambio de nome do Virxe do Rocío. Pedro di que xa hai un expediente administrativo feito, que houbo unha comisión de Cultura na que se tratou o tema e que agora só está pendente de que se leve ao Pleno.

María del Carmen Rivas ten un rogo de parte do alumnado do IES Ricardo Mella. Di que hai moitos alumnos deste centro e do Manuel Antonio ou Paz Andrade que teñen que usar o VITRASA para subir e baixar e que os horarios das liñas que teñen alí parada non son compatibles cos horarios de saída e entrada do centro polo que moitas veces teñen que pedir saír 10 min. antes para logo non ter que esperar unha hora. O alumnado ve como pasa por diante da parada a lanzadeira que vai á universidade e que alí non ten parada e preguntan se se podería falar con VITRASA para que puxeran alí unha parada desta lanzadeira, porque este bus baixa máis a miúdo. Pedro suxire que desde as direccións dos tres centros fagan a petición dirixida a área de transporte e que eles con ese documento lle darán traslado ao Concelleiro e seguro que se pode arranxar.

O secretario comunica que se fixo unha petición desde o Consello de Igualdade da Muller de que se designe unha persoa do CEMV que estea como representante deste órgano naquel. Di que se valorará e se designará a unha representante.

A Presidenta agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 19:45h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr
A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez